



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2012**

### **ASISTENTES:**

Presidente:  
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE  
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ  
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ  
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ  
D.<sup>a</sup> OLGA MARÍA BLANCO TEJEIRO  
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO  
D. FERNANDO VILAR DÍAZ  
D. JUAN PUENTES CALVO

**SECRETARIO:**  
D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás once horas dezaseis minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil doce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

### **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27 DE OUTUBRO DE 2012.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e sete de outubro de dous mil doce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o pleno municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

### **2. DECLARACIÓN DE CRÉDITOS COMO NON DISPOÑIBLES. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente para a declaración de créditos como non dispoñibles correspondentes ás pagas extras

dos funcionarios e persoal laboral do Concello, para dar cumprimento ao establecido no artigo 2 do RD Lei 20/2012 de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade; os créditos que se deben declarar como non dispoñibles ascenden ás cantidades de 9.814,08 correspondentes á aplicación orzamentaria 2012.9.12 (persoal funcionario) e 3.741,86€ correspondente á aplicación orzamentaria 2012.3.13 (persoal laboral). Manifesta o Sr. Alcalde - Presidente, que aínda que legalmente deben declararse estes créditos como non dispoñibles, persoalmente non está de acordo coa medida.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para dicir que aínda que na Comisión informativa municipal de asuntos do pleno, mantivo a postura da abstención ao tratarse dun tema de carácter legal, anuncia o seu voto a favor do asunto.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu grupo mantén o voto favorable ao que é o trámite do expediente, aínda que non están de acordo co fondo da medida.

Remata o debate a intervención do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, para anunciar a abstención do seu grupo neste asunto, xa que non está de acordo coa norma establecida polo goberno central.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por maioría de votos (8 votos a favor dos Sres. /Sras. Concelleiros/as do Grupo Municipal do P S de G-PSOE, PP e AIAC e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto - BNG), adopta o seguinte acordo:

Único. Declarar como créditos non dispoñibles os correspondentes ás pagas extras do persoal funcionario e laboral do concello, de acordo coas seguintes contías:

- Partida orzamentaria: 2012.9.12, por importe de 9814,08€ (persoal funcionario).

- Partida orzamentaria: 2012.3.13, por importe de 3.741,86€ (persoal laboral).

### **3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 5/2012. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos nº 5/2012, por importe de 77.382,57€, con cargo ao

remanente de tesourería do exercicio 2011, todo elo aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira na súa aplicación ás entidades locais.

Sinala que con este expediente quedará cancelado o único crédito que ten o concello suscrito coa entidade Nova Galicia Banco.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, reiterase o xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno, no sentido de que si se pode facer debe cancelarse a débeda do concello; no mesmo sentido se manifesta o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, xa que unha vez cancelada a débeda, o concello aforrará os intereses da mesma.

Remata o debate deste asunto o concelleiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, manifestando estar a favor de que se liquide a débeda, aínda que critica a postura da administración central, no sentido de non deixar que se utilice o remanente de tesourería para outras cousas antes de liquidar as débedas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da corporación por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 5/2012, debendo aplicarse os suplementos de créditos de acordo co seguinte cadro:

Capítulo	Consignac. Anterior	Transf. Posit./negat	Financiac. Remanente Liq. Tesor.	Suplemento /Xeración crédito	Total Consignac. Resultante
I Gtos Persoal	321.877,77€				321.877,77€
II Gtos en Bens Correntes	555.014,20€				555.014,20€
III Gtos Financeiros	2.000,00€		500,00€		2.500,00€
IV Transf. Correntes	23.000,00€				23.000,00€
VI Investimentos Reais	310.700,24€				310.700,24€

VII Transf. De Capital	0,00€				0,00€
VIII Activos Financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos Financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos Financeiros	16.039,10€		76.882,57€		92.921,67€
TOTAL	1.228.631,31€		77.382,57€		1.306.013,88€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no BOP e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de 15 días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva do anuncio no BOP.

#### **4. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 6/2012. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao pleno da corporación do expediente de modificación de créditos número 6/2012 por importe de 33.333,66€ que contén xeración de créditos e suplementos de créditos para atender a contratación da obra da mellora da depuradora de Gunxel incluída no Plan DTC 94, así como a adquisición de libros para a biblioteca municipal, e instalación dun punto de acceso a internet no centro social.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar de que o seu grupo vai votar a favor deste asunto, xa que a mellora da depuradora de Gunxel, e unha obra moi demandada polos veciños, ademáis afecta ao parque natural e polo tanto é moi necesaria.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, reiterase o xa manifestado na comisión informativa de asuntos do pleno, que se trata dunha obra necesaria e polo tanto o seu grupo, votará a favor deste asunto. Remata a rolda de intervencións o voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, anunciando o voto favorable neste asunto.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 6/2012, debendo aplicarse os suplementos de créditos de acordo co seguinte cadro:

Capítulo	Consignac. Anterior	Transf. Posit./negat.	Financiac. Remanente Liq. Tesor.	Suplemento /Xeración crédito	Total Consignac. Resultante
I Gtos Persoal	321.877,77€				321.877,77€
II Gtos en Bens Correntes	555.014,20€			900€	555.914,20€
III Gtos Financeiros	2.500,00€				2.500,00€
IV Transf. Correntes	123.000,00€				23.000,00€
VI Investimentos Reais	310.700,24€			32.433,66€	343.133,90€
VII Transf. De Capital	0,00€				0,00€
VIII Activos Financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos Financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos Financeiros	92.921,67€				92.921,67€
<b>TOTAL</b>	<b>1306.013,88€</b>			<b>33.333,66€</b>	<b>1.339.347,54€</b>

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no BOP e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de 15 días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva do anuncio no BOP.

## **5. PLAN POS 2013. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta da Alcaldía que foi sometida a informe na derradeira comisión informativa municipal de asuntos do pleno, que contempla a inclusión da obra denominada "Ampliación saneamento As Neves - Os Picos", cun orzamento que ascende á cantidade de 90.000€, ive engadido, así como a dotación de 40.911,58 € para gasto corrente como plan complementario propónse a obra denominada " Colector de saneamento en Sande", cun orzamento que ascende á cantidade de 35.536,76€. O total do plan coa aportación municipal ascende á cantidade de 130.911,58 €.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que non dubida que a obra presentada polo equipo de goberno é necesaria, pero que seu grupo municipal ten que ser consecuente co que se aprobou o ano pasado nun pleno no que se establecía a prioridade de dotación do saneamento nos Calzados, xa que alí no PXOM está previsto unha zona industrial, ademáis está a cooperativa é hai tamén unha zona deportiva, reitera que non está en contra de que se faga esta obra, pero debe priorizarse a obra de dotación de saneamento nos Calzados.

Anuncia a abstención do seu grupo neste asunto.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu grupo xa manifestou na comisión informativa correspondente que o seu grupo estaba a favor da obra proposta polo equipo de goberno, que xa fora demandada polos veciños fai dez ou doce anos, e que é un servizo básico.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que o seu grupo tamén está a favor desta proposta, pero que con respecto á obra dos Calzados, debería o equipo de goberno intentar facer xestións e tramitar axudas diante da Xunta e Deputación, para que esta obra se puidera facer a medio prazo, asimesmo coa obra prevista no plan complementario, o equipo de goberno debe de ter a previsión de ter os permisos correspondentes de augas de Galicia.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dise en resposta á intervención do voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que agora mesmo o concello ten o diñeiro para a execución da obra do saneamento As Neves - Os Picos, pero non para obra dos Calzados, xa que para empezar un primeiro tramo e o colector fan falla arredor de 220.000€, ademáis no pleno celebrado o día 27.11.2012 acordouse facer unha memoria e acadar o financiamento.

Respóstalle o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, no sentido de que a moción presentada polo Partido Popular falaba de realización inmediata da obra dos Calzados, unha vez houbera financiamento.

Remata a súa intervención reiterando que a obra de dotación de saneamento nos Calzados é prioritaria, e que se podía ir facendo xa en varias anualidades do POS.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por maioría de votos (7 votos a favor dos Sres. /Sras. concelleiros/as dos grupos municipais do P S de G- PSOE, AIAC e Mixto - BNG, e 2 abstencións do Sr. /Concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular), adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado +Deputación	Concello	Presuposto total
Ampliación Saneamento As Neves - Os Picos	85.500€	4.500€	90.000€
Subtotal obras	85.500€	4.500€	90.000€

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	40.911,58 €
---	-------------

C)Resumo:

Denominación da obra	Estado -Deputación	Concello	Presuposto total
Subtotal obras	85.500,00€	4.500€	90.000,00€

Subtotal gastos correntes	40.911,58 €	-----	40.911,58€
Total	126.411,58€	4.500€	130.911,58€

2. Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
Colector de saneamento en Sande	35.536,76€
Totais	35.536,76€

3. Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación a obter ascertainmentos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## **6. ORZAMENTO MUNICIPAL 2013. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente do orzamento municipal para o exercicio 2013, que ascende tanto en ingresos como en gastos á cantidade de 1.175.000€; o orzamento incrementase en 50.000€ respecto ao do exercicio



2012. Como aspectos principais sinala que o orzamento elaborouse en función dos ingresos efectivos que se prevén recadar (criterio de caixa) para dar cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria. No que atinxe aos gastos os de persoal non supoñen incremento para o exercicio 2013, non se contemplan pago de intereses nin de amortización de débeda ó ter previsto liquidala en decembro deste ano, prevense partidas para o pagamento de horas extras do persoal laboral, subvencións a entidades, museo etnográfico e festas patronais.

De seguido procede á lectura do anexo de inversións de todas e cada unha das obras que figuran no mesmo co seu cadro financeiro, ascendendo os investimentos para o exercicio 2013 á cantidade de 261.000€.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para poñer de manifesto que neste orzamento municipal para o exercicio 2013 hai sombras, pero tamén observáanse luces. Entre as sombras cita as seguintes:

- a recadación por impostos non cubren os gastos de persoal do concello, xa que aínda faría falla un 8% máis.
- o recadado por impostos e taxas non cubre os gastos de persoal máis o gasto corrente que presenta un déficit do 41 % nesta relación, persoalmente dí que lle gustaría máis xente pagando máis impostos.
- os gastos de mantemento ascende a 375.000€ que considera excesivos e que debían de ser obxecto de recortes.
- observa diferencias nos complementos específicos das distintas prazas de funcionarios e cita como exemplo a diferenza entre o complemento específico da praza de secretaria- intervención coa praza da traballadora social, polo que se debería subir o complemento específico ás prazas que o teñen máis baixo, non se trata de recortar ningún complemento pero sí equilíbralos.
- En canto ás luces menciona expresamente o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular as seguintes:
  - No orzamento do 2013, sigue aparecendo financiamento para a modificación do PXOM, dí que o proceso vai lento, xa que o ideal sería que neste ano se houbera solucionado xa o tema do solo urbanizable.

- Con respecto ao portal das Fragas considera que non é o mellor sitio nin o máis adecuado pero é o que hai agora, ademáis vai no programa electoral do Partido Popular, e dí que o seu grupo o vai apoiar.

- O colector de Sande aínda que vai como obra complementaria pero é positivo que se contemple, xa que é unha obra que foi peticiónada polo Grupo Municipal do Partido Popular reiteradamente.

- Asimesmo considera positivo a inclusión da ampliación do saneamento en Vilar de Mouros, xa que había dúas casas que estiveron moito tempo fóra de ter o servizo.

Remata a súa intervención dicindo que pesan máis as luces que as sombras e que polo tanto sen que sirva de precedente o Grupo Municipal do Partido Popular, vai apoiar o orzamento municipal do exercicio 2013.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, para dicir que é evidente que facer uns orzamentos municipais a gusto de todos non é doado pero que o seu grupo considera que no anexo de inversións figuran obras demandadas moitas veces polos veciños e polo propio Grupo Municipal de AIAC; por contra manifesta que os gastos correntes quizás son excesivos ( dun 30 a un 40 % do orzamento).

Remata a súa intervención dicindo que o seu grupo apoiará o orzamento municipal para o exercicio 2013.

O voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo dí que o seu Grupo vai a votar en contra en base as seguintes cuestións:

- Polo que atinxe ao tema de persoal di ser consciente que o complemento específico vai en función do grao de responsabilidade que ten cada traballador municipal, máis aínda sinala que hai 3 ou 4 funcionarios aos que se lles debería compensar perdas.

- Deberíase potenciar o tema cultural e dotar á biblioteca de máis medios informáticos, así como incrementar o fondo bibliográfico.

- Manifesta que non lle parece correcta a ubicación prevista para o portal de entrada ás Fragas do Eume, xa que o mellor sitio sería a Ventureira, ou ben a Casa de Cultura, a sindical ou a Casa dos peóns camiñeiros.

- Non aparecen nestes orzamentos a solución a temas que están deixados da man de Deus dende hai moito tempo, fala expresamente do paso de San Boulo e

rematar a escola de Guitriz e a Casa dos peóns camiñeiros; neste senso reitera que con pouco diñeiro poderíanse ter solucionado moitas cousas.

Remata a súa intervención dicindo que en canto á relación ingresos - gastos pouco se pode facer, xa que a dispersión xeográfica encarece a prestación de servizos nestes pequenos concellos, ademais hai que ter en conta as prestacións de servizos das denominadas competencias impropias; e con respecto ao portal, sinala que só vamos ter un edificio máis, xa que toda a xestión deste asunto debería levar a Xunta de Galicia que é a que ten a competencia do Parque.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que o Portal quizás non esté no mellor sitio, pero a día de hoxe é o único terreo de que pode dispoñer o concello por mor da cesión dun veciño, e polo tanto vai para diante. Considera positivo a posibilidade de aparcamento que hai cerca de onde se vai a facer e que esté á entrada do parque. Polo que atinxe ao gasto corrente dí que pode parecer excesivo, pero que en realidade axústase a todos os compromisos de gastos e servizos que ten adquiridos o concello.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación por maioría de votos (8 votos a favor dos Sres. /Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PS de G - PSOE, Partido Popular e AIAC e 1 voto en contra do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto - BNG), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o límite de gasto non financeiro para o orzamento do exercicio 2013, que ascende á cantidade de 765.704,52€.

2º. Aprobar o orzamento para o exercicio 2013, que comprende os seguintes:

#### Estado de gastos

Capítulo	Descrición	Consignación
<b>A. OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Gastos de persoal	330.977,98
2	Gastos correntes bens e servizos	544.282,68
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	24.000,00
Total operacións correntes		899.260,66
<b>B. OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6	Inversións Reais	275.739,34
7	Transferencias correntes	0,00
8	Activos financeiros	0,00

9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		275.739,34
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		1.175.000

### Estado de Ingresos

Capítulo	Descrición	Consignación
A. OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos	230.000
2	Impostos indirectos	12.000
3	Taxas, prezos públicos e outros	166.716,77
4	Transferencias correntes	524.228,50
5	Ingresos patrimoniais	6.871,19
Total operacións correntes		939.816,46
B. OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Enajenación de inversións	0,00
7	Transferencias capital	235.183,54
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		235.183,54
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		1.175.000

3º. Aprobar a plantilla de persoal e relación de postos de traballo, así como as bases de execución para o mencionado exercicio.

4º. Expoñelo ao público no BOP, por un prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co preceptuado no artigo 169.1 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, que aproba o TRLFL.

5º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación por capítulos no BOP e taboleiro de anuncios do concello, xuntamente coa plantilla de persoal e relación de postos de traballo, de acordo co disposto no artigo 127 do RDL 781 /86do 18 de abril, e artigo 169.3 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, que aproba o TRLFL.

6º. Que de conformidade co disposto no artigo 169.4 do mencionado RDL deberá remitirse copia do orzamento aos organismos competentes da Administración do Estado e Autonómica.

### 7- RECTIFICACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES 01.01.2012. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

A petición do Sr. Alcalde, polo Secretario da Corporación, dase conta do resumo numérico da rectificación do padrón municipal de habitantes referido a 01.01.2012 do xeito que segue:

Conceptos	Total	Hombres	Mujeres
Poboación de dereito a 01.01.2011	1388	684	704
Alta desde 01/01/2011 ata 01/01/2012	48	27	21
Baixa desde 01/01/2011 ata 01/01/2012	60	29	31
Variacións por erro no sexo	0	0	0
Poboación de dereito a 01/01/2012	1.376	682	694

Sen producirse debate, o pleno da corporación, por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Único. Aprobar as cifras numéricas correspondentes á rectificación do padrón municipal de habitantes referido ao 01.01.2012. E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas vinte e sete minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**



Manuel Meizoso López

**O Secretario,**



José A. Meizoso Paz